



Procedemento ambiental para a tramitación de plans especiais

Lexislación de referencia

- Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG)
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (RLSG)
- Orde do 10 de outubro de 2019 de aprobación das Normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia
- Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia

Nota: Antes de iniciar a tramitación do plan especial, os servizos técnicos municipais e as empresas subministradoras e/ou distribuidoras deberán informar, no prazo máximo dun mes, sobre a suficiencia das infraestruturas e dos servizos existentes e previstos (punto 2 do artigo 185 do Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia)

1. SOLICITUDE DE INICIO

O promotor¹ do plan debe remitir ao Concello a **solicitud de inicio** da avaliación ambiental estratéxica simplificada acompañada do **borrador do plan** e do **documento ambiental estratéxico**.

O borrador será un documento que conteña, cando menos, as liñas esenciais do planeamento e permita debater os seus criterios, obxectivos e solucións xerais.

O documento ambiental estratéxico terá, como mínimo, o contido que establece o artigo 29 da Lei 21/2013 de avaliación ambiental.

A documentación do plan (escrita e gráfica) deberá estar adaptada ás Normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia. Non obstante², en relación coa aplicación do título II da Orde do 10 de outubro de 2019 de aprobación das Normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia, seralles de aplicación unicamente cando o plan xeral que desenvolvan xa estea adaptado a el; sen prexuízo disto, para a súa elaboración empregárase como soporte a cartografía oficial rexistrada dispoñible no Instituto de Estudos do Territorio, actualizada ou detallada para o ámbito afectado, cando sexa preciso.

O Concello remitirá ao órgano ambiental toda a documentación presentada polo promotor.

2. CONSULTAS PREVIAS

O órgano ambiental someterá a documentación completa recibida ás consultas das administracións públicas afectadas e das persoas interesadas, que se pronunciarán no prazo máximo de 30 días hábiles.

Ao mesmo tempo, o órgano ambiental publicará o borrador do plan e o documento ambiental estratéxico no portal web para que o público en xeral poida achegar observacións e suxestións.

3. INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO (IAE)

Tras o remate do período de consultas previas, o órgano ambiental formulará o informe ambiental estratéxico no que determinará se o plan ten ou non efectos significativos no medio:

¹ Os plans especiais poderán ser formulados polos concellos, pola Administración autonómica, por outros órganos competentes no ámbito urbanístico e polos particulares lexitimados para facelo (art.74 da Lei 2/2016). **Cando o promotor non sexa o Concello, deberá presentar ante este a solicitud de inicio da avaliación ambiental estratéxica simplificada** para que, en cumprimento do establecido na normativa básica estatal, sexa o órgano substantivo (Concello) quen dea traslado da documentación ao órgano ambiental (artigo 186.3.a do RLSG).

² Punto 3 da disposición transitoria primeira da Orde do 10 de outubro de 2019.



- No caso de prever efectos ambientais significativos, o plan deberá someterse ao procedemento ordinario de avaliación ambiental estratéxica e o órgano ambiental elaborará o documento de alcance do estudo ambiental estratéxico.
- De non prever efectos ambientais significativos, o procedemento ambiental remata e o plan poderá aprobarse nos termos que o propio IAE estableza.

O prazo para formular o informe ambiental estratéxico é de tres meses desde a recepción da solicitude de inicio e da documentación completa que se deba xuntar (artigo 35.2.b L9/2021). O informe ambiental estratéxico farase público no *Diario Oficial de Galicia* e no portal de internet do órgano ambiental.

O informe ambiental estratéxico perderá a súa vixencia e cesará na produción dos seus efectos se non se aproba o plan ou programa no prazo máximo de seis anos desde a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*. En todo caso, o órgano ambiental poderá acordar unha prórroga da vixencia do dito informe ambiental estratéxico por outro prazo máximo de dous anos (artigo 35.2.c L9/2021).

Avaliación ambiental estratéxica de plans especiais

(Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia; Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia; Orde do 10 de outubro de 2019 de aprobación das Normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia; Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia)

FASE	OBXECTIVOS	DOCUMENTOS	RESPONSABLE	DIRIXIR A	PRAZO	PUBLICACIÓN
SOLICITUDE DE INICIO	Comunicar ao Concello o inicio da tramitación do plan	- Solicitud de inicio do procedemento de AAE simplificada - Borrador do plan - Documento ambiental estratéxico	Promotor ³	Concello		
	Solicitar ao órgano ambiental o inicio da tramitación ambiental	- Solicitud de inicio do procedemento de AAE simplificada - Borrador do plan - Documento ambiental estratéxico	Concello	Órgano ambiental ⁴		
CONSULTAS PREVIAS	Consultar sobre as repercusións ambientais do plan	- Borrador do plan - Documento ambiental estratéxico	Órgano ambiental	Administracións públicas afectadas ⁵ , persoas interesadas e público en xeral	30 días hábiles	Portal web do órgano ambiental
INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO (IAE)	Determinar se o plan debe someterse ou non a unha avaliación ambiental ordinaria en función dos efectos ambientais previstos	Non se prevén efectos ambientais significativos: - Informe ambiental estratéxico Prevenirse efectos ambientais significativos⁶: - Informe ambiental estratéxico - Documento de alcance do estudo ambiental estratéxico	Órgano ambiental	Promotor e concello	3 meses (dende a recepción da documentación completa)	Diario oficial e portal web do órgano ambiental

3 Os plans especiais poderán ser formulados polos concellos, pola Administración autonómica, por outros órganos competentes no ámbito urbanístico e polos particulares lexitimados para facelo (art.74 da Lei 2/2016). **Cando o promotor non sexa o Concello, deberá presentar ante este a solicitude de inicio da avaliación ambiental estratéxica simplificada** para que, en cumprimento do establecido na normativa básica estatal, sexa o órgano substantivo (Concello) quen dea traslado da documentación ao órgano ambiental (artigo 186.3.a do Regulamento da LSG).

4 Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda)

5 No caso de plans especiais non previstos no plan xeral e de plans especiais de protección que conteñan a ordenación detallada do solo urbano consolidado, entre os órganos que haberá que consultar estará o competente en materia de urbanismo.

6 Neste caso continuarase coa tramitación do procedemento de avaliación ambiental ordinaria.